

**ACTA 1ª DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE APERTURA DE PROPOSIÇÕES DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO DO CONTRATO DE SERVIZOS: ESCOLAS DEPORTIVAS 2020/2021.**

Asistentes:

Presidente: José Luis García García alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario.
- Ana Sánchez Fontáns, interventora acctal.
- María Dolores Torrado Ares, técnica de secretaría.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

En Brión a 20 de xullo de 2020, sendo as 14,02 horas se procede na Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento aberto referenciado.

Téndose realizada a licitación mediante anuncio no perfil de contratante do Concello, que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 02.07.2020, e rematando o prazo para presentación de ofertas o día 17.07.2020 inclusive, presentáronse as seguintes empresas:

1. A BILLARDA S.L.
2. ACOFIDE 2000 XESTIÓN S.L.
3. BARBATANA S.L.
4. SERVIPLUSTOTAL S.L.

En primeiro lugar se procede consonte coa cláusula 25 do PCAP á apertura do arquivo electrónico A: Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, sendo admitidas as catro empresas presentadas.

A continuación se procede á apertura do arquivo electrónico B: Criterios non avaliábles en cifras ou porcentaxes.

A Mesa de Contratación ao abeiro do disposto no artigo 146.2.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, por unanimidade acorda:

1º) Solicitar informe técnico do técnico municipal de deportes de valoración da documentación incluída nos arquivos electrónicos do sobre B.

Remata a sesión sendo as 14,19 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.